Obxectivo: Desenvolver e fortalecer o respecto ás diferenzas dos demais, habilidades sociais como autoestima, empatía, comunicación asertiva e a regulación pacífica de conflitos.			
Acción 1	Desenvolver o PAT		
	Temporalización		

	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Redución da conflitividade escolar		
Responsables	Dirección, orientación, titores/as profesorado en xeral.		
Recursos e materiais	Diverso material curricular		

Obxectivo: Facilitar mecanismos para que o estudantado comuniquen situación de maltrato e/ou violencia.

Acción 1	Desenvolver o PAT		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Reducir os expedientes informativos sobre acoso escolar ou cyberbullying		
Responsables	Dirección, orientación, titores/as profesorado en xeral.		
Recursos e materiais	Diverso material curricular		

Para as accións a levar a cabo para cada obxectivo deberase ter en conta o seguinte:

- Actividades do plan de acollida.
- Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- Actividades para a adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.
- Actividades para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso

19.CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

No estado español, a aspiración da igualdade entre ambos os sexos atópase reflectida na lexislación vixente. Especificamente, a Constitución de 1978 nos seus artigos 14 e 9.2 prohibe expresamente calquera tipo de discriminación por razón de sexo e establece a obrigaón que corresponde aos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade das persoas sexa real e efectiva.

Na nosa Comunidade, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece a obrigaón da Administración de promocionar a efectiva igualdade do home e a muller, promovendo a plena incorporación desta na vida social e superando calquera discriminación laboral, cultural, económica ou política.

Mais na nosa sociedade actual continúan ofrecéndose estereotipos que fomentan a desigualdade entre mozos e mozas. Por iso, é necesario que o profesorado detecte esas desigualdades e interveña invitando ao alumnado á reflexión e proporcionando novos modelos.

Para tal fin, desenvolverase actividades que teñen como obxectivo pór en foco os micromachismos e nos estereotipos masculinos e femininos.

Obxectivos:

- a) Detectar factores discriminatorios (sexismo e situacións de desigualdade) nos distintos espazos do centro e do patio, libros de texto e materiais, medios de comunicación, distribución de tarefas, opcións académicas e profesionais, ámbito de traballo, propoñendo alternativas e medidas correctoras.
- b) Visibilizar e recoñecer a contribución da muller nas diferentes facetas da historia, a ciencia, a política, a cultura e o desenvolvemento da sociedade, así como a colectivos de mulleres en situación de discriminación múltiple en calquera parte do mundo.
- c) Utilizar estratexias de cooperación e colaboración dentro e fóra da aula e incorporar a aprendizaxe de modelos de convivencia e métodos de resolución de conflitos non violentos, baseados na diversidade e a equidade.
- d) Desenvolver no alumnado os seus propios gustos, ideas e criterios sen pretender impoñer aos demais.
- e) Promover o coñecemento e a aceptación do corpo, así como as diferenzas segundo o sexo, evitando o dominio sexual nos referentes corporais do alumnado.
- f) Promover o respecto e rexeitar todo tipo de violencia ou agresión sexual.

As actividades previstas para realizar durante o curso, deseñadas para a intervención co alumnado dos distintos niveis son:

- Participación nos Obradoiros 25N e Xornadas municipais de Igualdade.
- Plan Director de prevención da violencia machista.
- Día da constitución.
- Semana de Cine Intercultural: visionado de películas que abordan a desigualdade, a discriminación ou a violencia contra as mulleres, os nenos e as nenas en diferentes ámbitos xeográficos e culturais.
- Obradoiros de Igualdade e prevención da violencia de xénero.
- Día Internacional da Paz e da Non Violencia.
- Día Internacional da Muller. 8 de marzo.
- Obradoiros sobre novas tecnoloxías e riscos sexistas das redes sociais dirixidas a colectivos de iguais.
- Creación dun grupo de igualdade por parte do alumnado do centro.

20. PLURILINGÜISMO

20.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Lara María Calvo Iglesias	1
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Lorenzo Fraga Montero	Latín

20.2. SECCIÓN BILINGÜES/PLURIBACH/PLURIFP

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua estranxeira
3º ESO	1	6	0	Sí ☒ Non ☐	Cultura clásica	Inglés

20.3. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓN BILINGÜES

Realizaranse reunións semanais entre a profesora CLIL e a coordinadora para avaliar a evolución do proxecto e a súa implantación. Dentro dos departamentos implicados realizaranse unha avaliación seguindo os puntos marcados na programación.

O finalizar o curso elaborárase unha memoria que se incluírá dentro da memoria final do departamento que será empregada para a mellora do proxecto para vindeiros cursos.

20.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Nathan Davies	8
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Sí ☒ Non ☐
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Sí ☒ Non ☐
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Sí ☒ Non ☐
Outras tarefas (especificar): apoio lingüístico co alumnado nos recreos do luns e martes.	Sí ☒ Non ☐

21. PROGRAMAS DO CENTRO

21.1. PLAN PROXECTA

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa: **Galicons-net**

Descrición do programa	Dentro da materia de Economía e emprendemento que se imparte en 4º curso non só se busca que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver os seus proxectos vitais ou profesionais, ou que poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, senón que ademais se faga tendo en conta valores como a solidariedade entre as persoas, a importancia da sostibilidade ou a xestión responsable dos recursos e a desigualdade. Coa participación neste programa preténdese contribuír á consecución dos obxectivos de etapa tratando de desenvolver no alumnado a participación e o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade de planificar, tomar decisións e asumir responsablemente os seus deberes, así como coñecer e exercer con respecto os seus dereitos. Ao mesmo tempo búscase participar no desenvolvemento das competencias clave, fomentando a competencia de aprender a aprender, a competencia social e cívica e a competencia dixital, e contribuír co desenvolvemento da Axenda 2030, a través do ODS 12 - Producción e consumo responsable.		
Obxectivos	- Reflexionar sobre a contribución persoal e social do consumo ao benestar individual e colectivo. - Coñecer os dereitos e deberes básicos dos consumidores. - Tomar conciencia das consecuencias dun consumo responsable. - Fomentar o aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xeradas. - Seleccionar e transmitir información dun xeito eficiente e atractivo. - Desenvolver habilidades TIC's.		
Cursos implicados	4º ESO		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☐
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		
Responsable	Vidal Botana, Eva (coordinadora)		

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa: **Xente con Don**

Descrición do programa	Na sociedade da información e da globalización na que nos atopamos, unha das grandes dificultades é ser quen de seleccionar fontes veraces e de calidade. Por iso, con este proxecto preténdese dotar ao alumnado das ferramentas de busca, análise, promoción e difusión de información no resto da comunidade educativa, de xeito autónomo e responsable. O fin último é formar cidadáns con espírito crítico, que sexan quen de manexar a diversidade de información que nos rodea, que coñezan e usen as distintas linguaxes visuais e as súas técnicas; focalizando estas habilidades no caso concreto da saúde sexual. Feito de vital importancia, especialmente no momento actual, no que novas como a alerta da OMS sobre o importante incremento de casos de enfermidades de transmisión sexual, da que tamén se da conta no Plan galego anti VIH/SIDA, deixan
-------------------------------	---

	entrevir unha menor conciencia colectiva respecto deste problema de gran envergadura. Durante o desenvolvemento do presente proxecto preténdese facer especial fincapé na importancia do traballo científico e no rigor das fontes bibliográficas empregadas, mais sen desatender a dimensión emocional: valores coa a igualdade, o respecto, a tolerancia, a empatía e a educación emocional serán o fío condutor de todas as actividades realizadas ao abeiro desta proposta.		
Obxectivos	Como obxectivos xerais establécense os seguintes: • Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave por parte do alumnado; facendo especial fincapé na competencia de aprender a aprender (traballo por proxectos), competencia científica e tamén competencias sociais e cívicas, á hora de desenvolver cambios de comportamento para o coidado da saúde. • Fomentar o traballo en equipo de toda a comunidade (alumnado, profesorado e familias), valorando a interacción interxeracional e o coñecemento e experiencia que poden aportar os membros maiores de cada familia. • Recoñecer a importancia dos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social. • Fomentar o espírito crítico no alumnado. • Manexar de xeito eficiente as TIC, tanto para a busca de información como para o tratamento da mesma durante o proceso de creación de contido. • Estimular a creatividade no alumnado durante o proceso de creación de contido.		
Cursos implicados	3º e 4º da ESO.		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☐
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		
Responsable	Honrubia Pérez, Raquel (Coordinadora)		

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa: **Armando Festa!**

Descrición do programa	Armando Festa! é un espazo de comunidade, diversión e coñecemento en galego dentro da escola, para alén de ser o nome da agrupación tradicional galega do IES Armando Cotarelo Valledor de Sobradelo (Vilaxoán/Vilagarcía). Unha agrupación que vai máis alá do folclore, de carácter multidisciplinar, xa que, tendo a nosa tradición oral, musical e artística como base, é quen de ollar cara ao presente e ao futuro con determinación. Ao redor da agrupación Armando Festa!, a comunidade educativa do noso centro crea vínculos emocionais intensos: o canto, o baile, a música, a regueifa, a literatura, a viaxe, o mar, a amizade, a gastronomía... conforman un marco cultural no que compartir espazos de lecer na nosa lingua, na escola e alén dela. Armando Festa! foi unha idea creada polas diferentes persoas (alumnado, profesorado e persoal de servizos) que facemos parte do Equipo de Dinamización Lingüística do IES A. Cotarelo Valledor. Armando Festa! articúlase a través de tres obradoiros de música, canto e baile. Profesorado, alumnado e persoal de servizos participan desta rede de afectos. Un lugar de distensión para gozar, alegrarse, relaxarse en lingua galega.
-------------------------------	--

	Tecer rede comunitaria na escola, traballar con letras cheas de compromiso, atopar un alicerce ao que nos amarrarmos en caso de que sexa necesario. Todo isto é Armando Festa! no IES Armando Cotarelo Valledor. O lugar da boa onda, o lugar onde atopar novas amizades, o lugar onde nos enleamos e intuirmos que hai mundos e universos por descubrir. O galego é a alma do noso traballo, a navalla suiza coa que construímos e arraxarmos, é o aceite que engraxa a maquinaria, é a lingua inclusiva e vehicular que aconchea e incita á descuberta.		
Obxectivos	Como obxectivos xerais establécense os seguintes: • Crear un espazo de lecer e divertimento en lingua galega na nosa escola. • Coñecer o patrimonio e a tradición oral e musical en lingua galega • Relacionar o patrimonio e a tradición oral e musical en galego coas novas modas musicais baseadas nela: música contemporánea e de raíz, electrofolk, neotradi, folk experimental etc. • Tecer redes e vínculos afectivos en lingua galega entre os diferentes membros da comunidade educativa empregando unha actividade en que todo o mundo pode participar e aprender desde cero. • Ampliar o espectro de intercambio cultural a través de actos conxuntos con outros centros de ensino do concello, organizados coa colaboración do SNL de Vliagarcía de Arousa, e tamén colaborando coa Asociación Cultural Nós de Sobradelo, á que pertencen algúns alumnos e alumnas do noso IES. • Descubir e coñecer novos lugares, espazos e persoas a través da música, o canto e baile: espazos culturais, vilas que gardan a tradición galega (como Rianxo ou Celanova), novos referentes da música galega, novas amizades doutros institutos e doutros recantos do concello e do noso país.		
Cursos implicados	1º, 2º, 3º e 4º da ESO. 1º e 2º de Bacharelato 1º e 2º de FP Básica		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☐
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		
Responsable	Mella Montouto, Martina (coordinadora - Inglés)		

21.2. PROXECTOS DE INCLUSIÓN EDUCATIVA (PIE)

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa: **Impulso da igualdade**

Descrición do programa	O proxecto que queremos desenvolver no noso centro parte dunha necesidade detectada durante os cursos anteriores: a crecente desinformación sobre igualdade, feminismo e violencia machista entre o noso alumnado, así como a influencia de certos modelos de masculinidades tóxicas, que exercen un grande impacto no estudantado. Esta influencia negativa maniféstase nas actitudes e comentarios misóxinos, homófobos e tránsfobos identificados no desenvolvemento das nosas aulas e na convivencia escolar dentro e fóra do centro. A potencia das redes sociais como altofalantes destes fenómenos contribúen ao seu espallamento na comunidade educativa. Todo isto alertounos e fíxonos procurar unha resposta educativa contundente e ben planificada.
-------------------------------	---

Obxectivos	Como obxectivos xerais establécense os seguintes: - Promover a igualdade de xénero, a tolerancia e o respecto á diversidade, e combater a discriminación e a violencia de xénero no noso instituto. Mediante a incorporación da igualdade de xénero e a coeducación no proxecto educativo do centro e a participación e implicación da comunidade educativa e das familias. en todos os niveis educativos (ESO, Bacharelato, FP e Educación de persoas adultas). - Sensibilizar sobre a violencia de xénero e as súas consecuencias. Desmentir mitos e mentiras sobre o feminismo e promover unha comprensión máis profunda da igualdade de xénero, das manifestacións da violencia e das súas consecuencias inmediatas e futuras. - Detectar a falta de habilidades sociais e empatía entre o alumnado que conducen a esa violencia e axudar a desenvolver esas habilidades: O proxecto ten como obxectivo desenvolver habilidades importantes no alumnado, como o pensamento crítico, a resolución de problemas e a comunicación eficaz. - Dar resposta ás dúbidas do alumnado, profesorado e a familias sobre relacións interpersoais, tendencias sexuais, estruturas e roles familiares etc. Para que a prevención sexa efectiva, debe implicar a toda a comunidade. O profesorado, ao ser un axente clave na detección e xestión de conflitos, necesita formación para identificar os sinais de acoso e saber como actuar. As familias deben estar informadas sobre estes asuntos e participar activamente na detección e prevención do acoso e a violencia. - Crear accións que desenvolvan a empatía cara as vítimas. Que o estudantado se comprometa coa construción dun ambiente escolar libre de violencia, tanto para si mesmas/os como para os seus iguais. Que toda a comunidade escolar valore e acepte as diferenzas individuais, de xénero, culturais e de orientación sexual, como base para unha convivencia pacífica e que rexeite activamente calquera tipo de violencia. - Procurar a innovación e a creatividade: buscamos os medios para innovar e crear solucións creativas para promover a igualdade, o benestar emocional e a inclusión no centro educativo. - Preparar o alumnado para o futuro: A igualdade, o respecto á diversidade e a inclusión son fundamentais para o benestar social no mundo actual. O proxecto ten como obxectivo preparar o alumnado para un futuro máis xusto e igualitario.		
Cursos implicados	ESO, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanzas de Adultos		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☐
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		
Responsable	Fernández Martínez, Xurxo (coordinador)		

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa: **Promoción do benestar emocional**

Descrición do programa	O aumento de problemas relacionados coa ansiedade, a depresión, o estrés e outros trastornos emocionais na mocidade é unha realidade recoñecida. Diversos estudos mostran que un número crecente de estudantes sofre de problemas emocionais que afectan o seu desenvolvemento persoal e académico. O instituto pode desempeñar un
-------------------------------	--

	papel crave na promoción da saúde mental e o benestar emocional, proporcionando ferramentas e recursos para previr e afrontar estas situacións. Os estudantes que senten emocionalmente equilibrados e apoiados teñen maiores probabilidades de alcanzar un mellor rendemento académico. O benestar emocional permite ao alumnado concentrarse mellor, participar máis activamente na clase, tomar decisións adecuadas e manter relacións sociais positivas. Pola contra, o malestar emocional pode derivar en dificultades de aprendizaxe, absentismo escolar e fracaso académico. Un proxecto de benestar emocional busca promover o respecto, a empatía e a inclusión entre os estudantes, reducindo así o risco de situacións de acoso escolar. Fomentar un clima escolar positivo contribúe ao desenvolvemento de vínculos sans, o respecto mutuo e unha convivencia pacífica, o que, á súa vez, reforza o sentido de pertenza ao centro educativo. O instituto pode converterse nun espazo no que o alumnado aprenda e desenvolva habilidades como a xestión de emocións, a empatía, a resiliencia, a resolución de conflitos e a comunicación asertiva. Estas habilidades non só impactan positivamente na súa experiencia académica, senón que tamén lles serán útiles na súa vida persoal e profesional futura. Un proxecto de benestar emocional contribúe a crear un ambiente no que os alumnos sentan valorados, comprendidos e seguros. Esta contorna favorece a motivación, o desenvolvemento da autoestima e a confianza en si mesmos, o que impacta de maneira directa no seu benestar xeral. O benestar emocional non só é unha preocupación do alumnado, senón tamén dos docentes e as familias. Un proxecto que aborde esta dimensión pode ofrecer ferramentas e recursos aos educadores para xestionar a súa propia saúde emocional e brindar apoio efectivo aos seus alumnos. Así mesmo, a implicación das familias no proxecto proporcionalles estratexias para abordar o benestar emocional dos seus fillos en casa. Un enfoque integral sobre o benestar emocional pode previr condutas de risco como o consumo de substancias, a autolesión, a violencia e o abandono escolar. Proporcionar recursos e apoio emocional no instituto pode ser unha ferramenta clave para identificar sinais de alarma e ofrecer axuda oportuna. O desenvolvemento dun proxecto de benestar emocional implica un compromiso colectivo de toda a comunidade educativa por cultivar unha cultura na que o coidado e o apoio mutuo sexan principios fundamentais. Isto tradúcese nunha experiencia educativa máis enriquecedora e significativa para todos.
Obxectivos	Como obxectivos xerais establécense os seguintes: • Facilitar o desenvolvemento de competencias emocionais como a xestión das emocións, a empatía, a resolución de conflitos e a comunicación asertiva, co fin de que o alumnado poida afrontar de maneira saudable as situacións cotiás. • Crear unha contorna educativa libre de violencia, acoso e discriminación, onde se respecten e valoren as diferenzas individuais e garántase a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. • Desenvolver medidas de apoio específicas para alumnos en risco de exclusión, dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais ou contextos de vulnerabilidade, para asegurar a súa participación plena e efectiva na vida escolar. • Establecer mecanismos de comunicación e colaboración efectiva entre o centro educativo, as familias e entidades externas (organizacións especializadas,

	administración local, universidades, servizos de saúde mental etc.)/ etc.) para asegurar unha abordaxe integral do benestar emocional. • Implementar técnicas e programas que axuden a reducir o estrés académico, mellorar a xestión da ansiedade e ofrecer ferramentas para o autocuidado e a relaxación. • Diseñar actividades que fortalezan a autoestima e a confianza persoal, promovendo un autoconcepto positivo e o respecto cara a un mesmo e cara aos demais. • Establecer medidas específicas para detectar e apoiar ao alumnado con risco de abandono escolar, traballando na súa motivación, compromiso e sentido de pertenza cara ao centro educativo. • Fomentar o traballo en equipo, a cooperación e o respecto mutuo como elementos esenciais para construír unha comunidade escolar cohesionada e respectuosa coa diversidade.		
Cursos implicados	ESO e Bacharelato		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☐
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		
Responsable	Castro Lozano, José Ignacio (coordinador)		

21.3. PROGRAMA STEMBACH

Descrición do programa	O STEMBach ou Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, pensado tanto para a modalidade de Humanidades como para a de Ciencias e creado ao abeiro da estratexia galega para a educación dixital, promove a vocación do alumnado cara a investigación científica e tecnolóxica e permite unha conexión directa co ensino universitario.		
Obxectivos	Como obxectivos xerais establécense os seguintes: • Promover a vocación pola investigación científica e tecnolóxica, dotando ao alumnado de ferramentas e habilidades para a universidade e o mundo profesional.		
Cursos implicados	1º e 2º Bacharelato		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☐
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		
Responsable	Díaz Domínguez, Silvia (coordinadora)		

21.4. PROGRAMA YOUTH AWARE OF MENTAL HEALTH (YAM) PROGRAMA XUVENTUDE CONSCIENTE DA SAÚDE MENTAL

Descrición do programa	A participación en YAM ten beneficios a longo prazo. Despois do YAM a mocidade adoita dicir que se sente máis segura á hora de dar apoio a unha amizade que o necesita. Tamén sinalan os/as participantes que as estratexias que aprenden no YAM son usadas máis tarde en situacións difíciles reais. O máis importante é que estes/as mozos/as
-------------------------------	---

	recoñecen a necesidade de buscar apoio cando se enfrontan a situacións complicadas da vida. Durante o programa recibirán información sobre como pedir axuda en saúde mental e daránselles a coñecer recursos locais de asociacións ou organizacións de xuventude que funcionen nas súas comunidades. A xuventude que participa en YAM está convidada a realizar xogos de rol e debater situacións difíciles da vida cotiá traendo ao grupo os temas que lles importan. Durante 5 sesións, repartidas en 3 semanas, o alumnado reflexionará en grupo sobre como se poden sentir nesas situacións e debaterán como afrontalas, contando co apoio de facilitadores/as adultos e material específico. A idea é considerar como se senten as diferentes persoas, cales son as posibles razóns das súas accións e que tipo de apoio poden necesitar en cada situación.		
Obxectivos	Como obxectivos xerais establécense os seguintes: Aumentar as habilidades de afrontamento e mellorar as relacións entre pares para todos os participantes		
Cursos implicados	3º ESO		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☐
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		
Responsable	Castro Lozano, José Ignacio (coordinador)		

21.5. PROGRAMA ALUMNADO AXUDANTE

Descrición do programa	Un dos maiores retos da educación actual é preparar o alumnado para unha sociedade en constante cambio, onde saber convivir é un factor clave para o éxito social e académico. Numerosos estudos e experiencias levadas a cabo en centros educativos demostraron que o uso de estratexias de apoio, asistencia e mediación entre iguais pode mellorar o clima escolar ao tempo que fomenta o desenvolvemento persoal e social do alumnado implicado, xerando unha maior disposición para aprender. Este proxecto baséase na convicción de que o alumnado ten un potencial fundamental para comprender as realidades dos problemas de convivencia escolar e para axudar a melloralos a través da súa propia participación activa. Do mesmo xeito, o profesorado que traballa en centros educativos con este tipo de programas expresa a súa satisfacción pola evolución positiva do clima escolar.
Obxectivos	Como obxectivos xerais establécense os seguintes: - Promover a solidariedade, o respecto, a tolerancia, a participación e o apoio mutuo entre o alumnado. - Construír unha rede de apoio social que fomente a integración de todo o alumnado, reducindo así a exclusión social. - Ensinar formas alternativas de resolución de conflitos a través do diálogo. - Reducir os conflitos e, en consecuencia, a aplicación de medidas disciplinarias. - Crear canles de comunicación e comprensión mutua entre docentes e alumnado, mellorando a autoestima de todos os participantes do programa.

	• Aumentar os valores cidadáns a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima emocional da comunidade. • Previr o acoso escolar. • Mellorar a convivencia escolar.		
Cursos implicados	1º, 2º e 3º ESO		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☐
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		
Responsable	Conde Neira, Cristina (coordinadora)		

21.6. PROGRAMA ERASMUS +

Descrición do programa	O Programa Erasmus+ é unha iniciativa da Unión Europea que apoia a educación, a formación, a xuventude e o deporte en Europa. No ámbito educativo, promove a mobilidade internacional de alumnado e profesorado, así como proxectos de cooperación entre centros de distintos países, co obxectivo de mellorar a calidade do ensino e fortalecer o sentimento de cidadanía europea. O noso centro participa neste programa dentro das accións KA121 e KA122, o que permite desenvolver mobilidades de alumnado e profesorado tanto en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato como en Formación Profesional, en colaboración con centros educativos e institucións doutros países da UE.		
Obxectivos	Como obxectivos xerais establécense os seguintes: • Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado mediante experiencias de aprendizaxe noutros contextos culturais e educativos. • Mellorar a competencia comunicativa en linguas estranxeiras. • Fomentar a autonomía persoal, a responsabilidade e a capacidade de adaptación. • Promover a inclusión, a tolerancia e o respecto á diversidade cultural. • Impulsar a formación permanente do profesorado e o intercambio de boas prácticas docentes. • Contribuír á internacionalización do centro, integrando dimensións europeas na práctica educativa.		
Cursos implicados	Formación Profesional (FP): alumnado que realiza a Formación en Centros de Traballo (FCT) no estranxeiro e profesorado participante en actividades de observación ou formación. Educación Secundaria Obrigatoria (ESO): alumnado de 3º e 4º ESO seleccionado para mobilidades de curta duración ou participación en proxectos eTwinning/Erasmus+. Bacharelato (BAC): alumnado de 1º e 2º Bacharelato participante en intercambios escolares e proxectos de colaboración europea.		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	- Grao de participación do alumnado - Variedade de produtos elaborados - Éxito do programa		

Responsables	Rodríguez Díaz, Alicia (coordinadora Erasmus+ K122) Fernández Martínez, Xurxo (coordinador Erasmus+ K121)
---------------------	--

22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.
- Horarios dispoñibles.
- Solicitudes xa cursadas.

Instalación: Salón de actos			
Entidade que a usa	Sociedade Filharmónica de Vilagarcía		
Participan membros da comunidade educativa	☒ Alumnos	☒ Pais	☐ PAS
Horario de uso	Depende da dispoñibilidade dos músicos que participan nos concertos da Sociedade para o desenvolvementos da parte didáctica.		

23. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- Establecemento de medidas dunha avaliación do funcionamento do centro: resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidades educativa.
- Medidas e recursos para levala a cabo.
- Temporalización.

A avaliación interna do funcionamento comprenderá a Memoria anual e a Avaliación de plans e programas.

A memoria anual pecha o ciclo de planificación do curso académico e posibilita coas súas conclusións comezar o ciclo de planificación do curso seguinte.

O seu obxectivo é o de formular propostas de mellora.

O contido da memoria atende á:

- VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS PLANTEXADOS POLO EQUIPO DIRECTIVO PARA O CURSO
- VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR
 - CLAUSTRO
 - CONSELLO ESCOLAR
- VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: CCP
 - Nº REUNIÓN E TEMAS TRATADOS
 - REVISIÓN DOS DISTINTOS APARTADOS DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO CENTRO E PROPOSTAS DE MELLORA E MODIFICACIÓNS PARA O CURSO SEGUINTE
- VALORACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO
- VALORACIÓNS DOS PLANS OU PROXECTOS NOS QUE PARTICIPE O CENTRO
- VALORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA
 - DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA DO CENTRO
 - VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS PLANTEXADOS NO PLAN DE CONVIVENCIA

- VALORACIÓN DAS ACTUACIÓNS OU PROGRAMAS PREVISTAS NO PLAN QUE FAVORECERON A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN
- VALORACIÓN DO PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS DESENVOLVIDO POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- VALORACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA
- VALORACIÓN DO PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE
- VALORACIÓN DA ESCOLA DE NAIS E PAIS
- VALORACIÓN DOS MECANISMOS DE COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DA CONTORNA
- VALORACIÓN DAS ACCIÓNS RECOLLIDAS NO PLAN DE CONVIVENCIA PARA DESENVOLVER O PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES
- ASPECTOS SALIENTABLES DO INFORME ANUAL REALIZADO POLA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO
- CONCLUSIÓNS DA MEMORIA ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO
- PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE
- VALORACIÓN DO PLAN DE ABSENTISMO
- VALORACIÓN PLAN IGUALDADE
- SEGUIMIENTO DE PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA
- MEMORIA DO PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO
 - AVALIACIÓN DO ALUMNADO
 - VALORACIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS
 - VALORACIÓNS DOS RESULTADOS DAS PROBAS AVALIACIÓN EXTERNAS
 - EXENCIÓNS DE GALEGO
 - EXENTOS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA
 - FCT
- VALORACIÓN DO PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS ESTILO DE VIDA SAUDABLE
- VALORACIÓN DAS INSTALACIÓNS, RECURSOS E MATERIAIS DO CENTRO
 - VALORACIÓN DO PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO
 - VALORACIÓN DOS RECURSOS E MATERIAIS
- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN/PLAN EMERXENCIAS
 - VALORACIÓNS DOS SIMULACROS REALIZADOS
 - CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
- VALORACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
 - TRANSPORTE ESCOLAR
- VALORACIÓN DO PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS
- VALORACIÓN DA XESTIÓN ECONÓMICA
 - Nº REUNIÓNS E TEMAS TRATADOS NA COMISIÓN ECONÓMICA
 - INFORME ECONÓMICO A 30 DE XUÑO DO CURSO
 - VALORACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO ORZAMENTO
 - VALORACIÓN DO GRAO DE COHERENCIA ENTRE O GASTO EXECUTADO E OS OBXECTIVOS PREVISTOS NA PXA

- ANEXOS
 - Memorias dos departamentos didácticos.
 - Memoria do departamento de orientación.
 - Memoria do equipo de dinamización lingüística.
 - Memoria da biblioteca.
 - Memoria de actividades complementarias e extraescolares.
 - Memoria TIC.
 - Memoria proxectos e plans.
 - Memoria sección bilingüe.

Os instrumentos para poder realizar a autoavaliación interna son:

- Valoración do proceso de ensinanza e aprendizaxe:
 - Infraestruturas e equipamento
 - Cadro de persoal
 - Características do alumnado
 - Organización de grupos e distribución de tempos e espazos
- Desenvolvemento do currículo
 - Programacións didácticas
 - Plan de atención á diversidade
 - Plan de acción tutorial
- Resultados académicos do alumnado
 - Avaliación inicial
 - Avaliación trimestral
 - Avaliación final
 - Avaliacións externas
- Documentos programáticos e funcionamento do centro:
 - Memoria anual

No proceso avaliativo dos distintos plans e programas abárcanse os seguintes criterios:

- Avaliación dos contidos educativos e da estrutura do plan
- Avaliación das condicións de implementación do plan
 - Recursos materiais dispoñibles para a consecución do obxectivos previstos
 - Avaliación do perfil docente e alumnado, coherencia cos obxectivos programados
 - Avaliación da estrutura organizativa, adecuación e funcionalidade en termos de formación

Temporalización:

Unha vez ao trimestre, se non fose posible farase de forma obrigatoria, como mínimo, unha vez no curso académico.